



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## QUE É UN LIBRO DE SOCIAS, E POR QUE NON HAI UN NOVO CADA ANO

Manter un libro de persoas socias é unha das obrigas que temos as ANPAS, e que ven imposta pola normativa de Asociacións, Lei 1/2022 do 22 de marzo, no seu artigo 14 : **As asociacións deben dispor dunha relación actualizada dos seus asociados**

E que é unha relación actualizada ?, pois non é nin máis nin menos que unha listaxe onde estean presentes todas as persoas que se foron dando de alta como socias da anpa, cun número correlativo de socia, indicación da data de alta, dos datos que requiramos de cada unha das socias, e da data de baixa.

Está claro que para ser socia dunha anpa hai que querer selo, e iso demóstrase inscribíndose polo procedemento que a propia anpa deseña, cun formulario físico ou electrónico. O que non adoita estar tan claro é que para darse de baixa tamén hai que querer facelo, ou sexa, ten que haber unha declaración específica de vontade que diga “xa non quero ser socia desta asociación”.

(As ANPAS temos unha única excepción a isto último: que as nosas fillas ou fillos deixen o colexio onde está a asociación, iso implica a baixa automática como socia da ANPA das súas nais/pais/titoras ou titores; pero o resto dos casos son porque a socia quere deixar de selo)

**Ata aquí temos:** unha listaxe de **persoas que se deron de alta ao longo do tempo, e unha circunstancia en algunhas delas: que quixeran darse de baixa, ou que marcharan do colexio e sexan baixa obrigatoria.**

**E todas as demais?,** todas as demais continúan sendo socias ao longo do tempo.

**E se non pagan ?**, porque os nosos estatutos din que as que non pagan deixan de ser socias!!: certamente, se non pagan estamos nunha circunstancia que se prevé en case todos os estatutos, pero iso require un mínimo procedemento:

1. Hai que estar seguras de que non pagaron porque quixeron deixar de ser socias:
  - a. Polo que hai que contactar con esa persoa e dicirlle que non pagou.
  - b. Hai que asegurarse de que efectivamente non pagou porque non quixo.
  - c. Hai que darlle un prazo para que poida corrixir o erro e pagar; ou para que comunique a súa baixa voluntaria na asociación.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

2. E se é consciente de que non pagou, e ademais non quere facelo, e ademais non quere comunicar a baixa voluntaria, entón será cando levemos o expediente á Asemblea Xeral, que é quen manda, e daremos de baixa a esa persoa como socia.

**E se non facemos nada diso?**, pois a persoa continúa sendo socia, será unha socia morosa, pero é socia igualmente.

**E poden votar e todo?** Si, se non establecemos unha norma interna que o impida, si que pode votar e participar normalmente na vida asociativa. E as normas internas non as fixan as directivas, aínda que normalmente son quen dan os primeiros pasos, lembre que iso ten que ser un acordo da Asemblea Xeral.

**Cal é a consecuencia directa disto?** : que non hai “socias anuais”, non podemos refacer o libro de socias cada curso, e non hai baixas automáticas por ningunha circunstancia.

**Pero podemos acordar en asemblea que ao final de cada curso todo o mundo se dá de baixa?**, si, pero se acordamos tal cousa, resulta que a ANPA quedaría sen socias e tería que disolverse, a xunta directiva desaparecería porque as súas integrantes tampouco sería socias, e na práctica cada ano teríamos unha ANPA nova, que tería que volver facer todo o papeleo.

E ademais, nin con iso teríamos un libro de socias “do ano”, o que teríamos sería un libro enorme, onde figurarían as socias dun ano, dadas de baixa ao final do curso, e detrás delas as socias do ano seguinte, moitas delas repetidas, que se darían de baixa ao final do curso, e detrás... Todo nun único libro.

**Pero isto non é operativo !!** : a ver, sexamos prácticas: que haxa un libro do socias permanente, que inclúa a todas as socias que o foron dende que se creou a asociación, e vaia aumentando o número de asociada ano tras ano, non impide que poidamos ter outros libros auxiliares que sexan parte do mesmo libro (que ademais informaticamente é moi doado de facer), e así podemos ter un libro das nais e pais de primaria, outro das de infantil, ou das que cuarto, ou das que van a patinaxe; e tamén, por suposto, podemos ter un libro de socias que están dadas de alta en cada concreto momento; ou mesmo -se temos acordado que as que non pagan teñen dereitos limitados- tamén podemos ter un libro de socias que están ao día no pagamento das cotas. Pero iso son subdivisións do libro de socias, non o substitúen.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## Conclusións:

- As ANPAS temos que ter un libro de persoas socias.
- Nese libro inscríbense, por orde de entrada e cun número secuencial, todas as persoas físicas (non as familias) que se foron dando de alta ao longo da vida da ANPA.
- No mesmo libro hai que anotar a data na que se van dando de baixa as persoas que algún día foron socias (o de poñer a causa non é obrigatorio; pero pode ser un dato interesante).
- Lembrade que cando dámos de baixa a unha persoa socia, á parte de anotar ese dato no libro, tamén temos que eliminar nel todos os datos que xa non precisamos, (enderezo, teléfono, mail, datos bancarios, alerxias comunicadas, etc) e quedariamos só co número de socia e co nome e apelidos. Fagamos un matiz a isto: se algún dos datos secundarios tivo unha incidencia legal, tributaria, sanitaria, civil, etc, entón hai que conservalos o tempo necesario ata que esa incidencia estea resolta e non caiban recursos. (Deses casos temos moi, moi poucos).
- O resultado será ter un libro no que figuren todas as nais-pais-titoras e titores que historicamente foron parte da asociación.
- Todas as persoas que estean no libro de socias, e que non estean dadas de baixa, constitúen as socias actuais da ANPA, e son as que contan como tales a efectos de subvencións, ou de nomear á anpa máis representativa cando hai máis dunha no centro.
- E tamén son as que teñen a obriga de pagar a cota anual.
- E dese libro poden saír todas as listaxes que queirades, pero ningunha delas é o libro de socias propiamente dito.

E lembrade outra cousa que moitas veces se confunde: ser socia dunha anpa non pode utilizarse para beneficiarse de ningunha das actividades que a anpa realice, non pode haber prezos para socias, preferencia para socias, etc.

As actividades dunha anpa teñen que estar dirixidas a todo o alumnado do centro, sen diferenciación de ningún tipo.

Polo tanto, tampouco pode obrigarse a ninguén a ser socia para poder participar dalgunha actividade.

**Porque ser socia dunha anpa demostra o interese en mellorar o Ensino Público do centro escolar onde están as nosas fillas e fillos. E iso é o que importa.**